

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS – BETANZOS”

San Marcos, s/n; 15.318 - Abegondo – (A Coruña); Teléf. 981.669.541

www.marinasetanzos.org; [blog: http://gdr29.blogspot.com/](http://gdr29.blogspot.com/); info@marinasetanzos.org

ACTA DA XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, DO DÍA 12 DE XULLO DE 2010.

En Bergondo, a 12 de xullo de 2010, no Local Social de Santa Marta de Babio (Bergondo) sendo as 19.00 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse.

Asistentes:

- D. Jose Calo Faraldo, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Cooperativa Agraria Provincial da Coruña, S.C.G.).
- Dna. Cruz Fernández González, en representación da *Mesa sectorial de Asociacións e Colectivos de mulleres* (Asociación Elas Pro Igualdade Dereitos da Muller).
- D. Javier Ascasibar Errasti, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións Xuvenís e colectivos xuvenís* (Asociación Xuventude e Natureza).
- Dna. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa do sector da artesanía (Asociación Artesáns As Mariñas).
- D. José Francisco Castro Vilariño, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal)
- Dna. Aida Pérez Barredo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais* (Asociación de Empresarios de Culleredo)
- D. Xosé Uxio Rey Fernández, en representación da mesa do sector institucional (Colexio Oficial de Veterinarios de A Coruña).
- D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegondo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*. Presidente da Asociación.
- Dna. Gumersinda Becerra Montes, Concelleira de Turismo e Medio Rural do Concello de Cambre, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Isidro Taibo Gago, Concelleiro de Promoción Económica e Turismo do Concello de Culleredo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*. Vicepresidente da Asociación.

- o D. Daniel Romero Cajigal, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o D. Jorge M. Blanco Ballón, Xerente Programa LEADER 2007-2013. Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas – Betanzos”.
- o Dna. Concepción Bonome González, técnica do Programa Leader. ADR Mariñas-Betanzos.

A SESIÓN SE TEN DESENVOLTO, CO RESULTADO SEGUINTE:

1.-APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbase a Acta da reunión de Xunta directiva do día 10 de maio de 2010.

2.-SEGUIMIENTO DO PROGRAMA LEADER.

2.1. PROXECTOS APROBADOS POR AGADER PROGRAMA LEADER 2007-2013:

2.1.1. AMPLIACIÓN E MODERNIZACIÓN DE SERVIZOS NO SECTOR FORESTAL NA COMARCA (L09-41300-29-0018).

Con data 23 de setembro de 2009 ten entrado no rexistro do G.D.R. “Mariñas – Betanzos” unha solicitude de axuda presentada por Jose Manuel Cabana.

O proxecto de carácter produtivo consiste na ampliación e modernización dunha pequena empresa de servizos no medio rural, centrada no sector forestal, consistente en desbroce de montes e fincas, podas e clareos. Coa maquinaria que conta na actualidade non pode realizar plantacións forestais (traballos previos, destocoado). Tamén pretende levar a cabo outra nova actividade de compra, corta, astillado e venda de madeira ao por maior. Está empresa ten a súa sede social na parroquia de Iñás (Concello de Oleiros) e realiza as súas actividades vinculadas ós servizos forestais no territorio Mariñas-Betanzos.

Esta nova actividade que vai desenvolver o promotor, precisa dunha nova maquinaria que teña unhas determinadas características técnicas que permitan o total desenvolvemento do novo servizo a prestar. Ten necesidade de contar cunha desbrozadora, unha motoserra, unha trituradora de martelos, unha astilladora, un ahoyador, un remolque, unha furgoneta e un camiión.

Os obxectivos fundamentais deste proxecto son a prestación dun novo servizo na comarca, de realización de plantacións forestais e de adquisición de madeira, corta, astillado e venda ao por maior.

O carácter innovador deste proxecto é a prestación dun servizo de coidado e rexeneración forestal, así como a recollida de biomasa para utilizar como combustible que contribuirá positivamente no medioambiente.

Con esta iniciativa se contribuirá a consolidar o emprego do propio promotor que leva pouco tempo na actividade. Tamén se compromete a crear durante 5 anos, o equivalente a unha persoa (colectivo desfavorecido) a xornada de 10 horas semanais.

Os investimentos aceptados son 74.210,41 euros que irán dirixidos á compra dos seguintes investimentos:

-Desbrozadora e motoserra : 3.688,79-€

-Trituradora de martelos, astilladora, ahoyador e remolque: 38.622.-€

-Furgoneta e camiión: 31.899,62.-€

Con data 18 de maio de 2010, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe de Verificación Favorable de AGADER.

Este proxecto acadou un total de 36,25 puntos, correspondéndolle un 28,12% de axuda, resultando un importe de 20.867,97.-€ de axuda, sobre un orzamento total de 74.210,41.-€

A Xunta Directiva deberá efectuar a proposta de resolución, de xeito motivado, para ser posteriormente remitida á Dirección Xeral de AGADER.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable para este proxecto, baseándose en que un servizo de coidado e rexeneración forestal, así como de recollida de biomasa é innovador na comarca e contribuirá a mellorar o medioambiente.

Tamén acorda que se envíe dita resolución a Agader

2.1.2.AMPLIACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS(L09-41300-29-0009).

Con data 06 de xullo de 2009 ten entrado no rexistro do G.D.R. “Mariñas – Betanzos” unha solicitude de axuda presentada pola Asociación Protectora de Animais Gatocan adicada á recollida de animais abandonados.

O proxecto de carácter non produtivo consiste na ampliación das instalacións actuais existentes no Concello de Coirós que son insuficientes para dar acubillo ao crecente número de animais. Con este proxecto se pretende ofrecer o servizo de recollida de animais abandonados a outros Concellos que lo precisen coa limitación da cabida existente nas novas instalacións.

O proxecto consiste na obra civil de ampliación do local, xunto coas licencias e proxecto de obra.

O obxectivo fundamental deste proxecto é a ampliación do servizo de recollida de animais abandonados que na actualidade está sendo un serio problema para os municipios.

O proxecto é innovador por cubrir unha necesidade social no territorio, que inflúe positivamente na calidade de vida dos cidadán e tamén no benestar dos animais, obxectivo prioritario do Feader.

Esta iniciativa vai consolidar o equivalente a 0,06 empregos creados no exercicio anterior á solicitude de axuda e vai crear o equivalente a 2,5 empregos a xornada completa, durante 5 anos.

Os investimentos aceptados son 158.638,28 euros que irán dirixidos os seguintes investimentos:

-Ampliación do local : 148.412,53.-€

-Licencias de obra e actividade: 2.735.-€

-Elaboración do proxecto: 7.490,75.-€

Con data 10 de maio de 2010, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe de Verificación Favorable de AGADER.

Este proxecto acadou un total de 78,5 puntos, correspondéndolle un 50 % de axuda, resultando un importe de 79.319,14.-€ de axuda, sobre un orzamento total de 158.638,28.-€

A Xunta Directiva deberá efectuar a proposta de resolución, de xeito motivado, para ser posteriormente remitida á Dirección Xeral de AGADER.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable para este proxecto, baseándose en que este proxecto cubre unha necesidade social do territorio, que inflúe positivamente na calidade de vida dos cidadáns e tamén no benestar dos animais.

Tamén acorda que se envíe dita resolución a Agader

2.2. PROXECTOS DENEGADOS POR AGADER PROGRAMA LEADER 2007-2013:

2.2.1. Detección de novas iniciativas empresariais innovadoras agroforestais (L09-41300-29-0022).

Con data 23 de novembro de 2009 ten entrado no rexistro do G.D.R. “Mariñas – Betanzos” unha solicitude de axuda presentada pola Asociación G.A.L.Terra das Mariñas.

O proxecto de carácter non produtivo consiste na contratación dunha asistencia técnica para a detección de novas iniciativas empresariais innovadoras no sector agroforestal que contribúan ao desenvolvemento e mellora do patrimonio natural e a paisaxe no Territorio Mariñas-Betanzos.

Os obxectivos a acadar son os seguintes: identificación de proxectos que contribúan a poñer en valor a terra, protexer a paisaxe tradicional, frear a perda de superficie agraria útil e recuperar terras abandonadas para estes usos dun modo sostible e contar coa achega de investigación e da innovación. No apartado do emprego o obxectivo é identificar oportunidades de emprego e en especial o emprego de mulleres, e mozos/as, mediante unha agricultura e silvicultura respetuosas co medio ambiente e cun maior valor engadido, facendo fronte ao abandono.

O proxecto é innovador no territorio xa que tratase da realización dun estudo da situación actual do patrimonio natural e a paisaxe e en base aos resultados obtidos se pretendería poñer en marcha unha serie de medidas e actividades para a mellora destes sectores coa implantación de novos cultivos, recuperación de cultivos tradicionais e/ ou autóctonos.

Os investimentos ascenden a 66.120 euros que irán dirixidos a financiar a asistencia técnica necesaria para detectar as novas iniciativas empresariais innovadores do sector agroforestal.

Con data 18 de maio de 2010, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe de Verificación Desfavorable de AGADER polos seguintes motivos:

1.-O proxecto non ten encadramento no réxime de axudas Leader 2007-2013. A medida 413.V “Renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural”, non admite proxectos que na súa totalidade sexan un estudo de detección de novas iniciativas empresariais no sector agroforestal. Aínda que as iniciativas empresariais que posteriormente se puidesen presentar puideran ter unha influencia positiva no medio rural, o proxecto en si mesmo considerado non se pode encadrar como de “mantemento, restauración e mellora do patrimonio natural” posto que como a súa descrición indica, a pretensión do proxecto é a detección de novas oportunidades empresariais no sector agroforestal. Téñase en conta que os sistemas silvopastorís en montes veciñais en man común que poderían ter encadramento na medida de renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural son os que carezan de finalidade produtiva, non constituíndo polo tanto novas oportunidades empresariais, como describe o proxecto.

2.-Os estudos vinculados á valoración dos recursos do territorio entrarían dentro da variante de “outros proxectos non produtivos” coa conseguinte limitación na porcentaxe de axuda ao 50% (non ao 100% como propón o G.D.R. no ICE).

3.-Por outra parte, segundo as limitación sectoriais do Réxime de Axudas “Os proxectos de elaboración de estudos...” terán un límite máximo de axuda de 30.000.-€ por proxecto.

Según o réxime de axudas do Programa Leader Galicia 2007-2013, a Xunta Directiva efectuará a proposta de resolución, de xeito motivado dos proxectos cuxa elixibilidade non fose validada favorablemente por Agader. Estase reformulando o proxecto para que poida encaixar no Programa Leader e acadar os obxectivos previstos. A Xunta Directiva acepta a resolución desfavorable emitida por Agader polos motivos alegados na verificación do ICE.

2.2.2. Posta en marcha dunha aula de servizos formativos para o empresariado (L09-41300-29-0026).

Con data 01 de febreiro de 2010 ten entrado no rexistro do G.D.R. “Mariñas – Betanzos” unha solicitude de axuda presentada pola Asociación de Empresarios de Culleredo.

O proxecto de carácter produtivo consiste na posta en marcha dunha aula de servizos formativos de informática para o empresariado do territorio.

Ten como obxectivo a dinamización do tecido empresarial do territorio a través do fomento da utilización das TIC's na procura de adaptarse aos novos tempos e tecnoloxías e da sensibilización e aportación aos empresarios dos coñecementos necesarios para sacar o máximo rendemento as TIC's e fomentar así a competitividade e o desenvolvemento. Polo que para acadar o obxectivo de adquirir os coñecementos necesarios, a Asociación de Empresarios de Culleredo porá a disposición dos seus asociados, unha aula perfectamente equipada onde se desenvolverán accións formativas que permitan cubrir as necesidades dunha formación e reciclaxe permanente de cara a mellora da competitividade das empresas.

A situación deste proxecto se realizará no núcleo de poboación do Burgo, núcleo excluído do Programa Leader 2007-2013.

Con data 18 de marzo de 2010 o equipo técnico envía a Agader, o Informe de Elixibilidade Desfavorable.

Con data 01 de maio de 2010 se recibe o Informe de verificación de ICE desfavorable emitido por Agader.

Según o réxime de axudas do Programa Leader Galicia 2007-2013, a Xunta Directiva efectuará a proposta de resolución, de xeito motivado dos proxectos co ICE desfavorable.

A Xunta Directiva acepta a resolución desfavorable emitida por Agader polos motivos alegados na verificación do ICE.

2.2.3. Subministración e colocación de refuxios para paradas de autobús interurbano

A finais do mes de decembro de 2009 tense remitido a AGADER solicitude de verificación do ICE desfavorable, polo motivos que se detallan a continuación:

- O promotor non cumpre os requisitos indicados no Réxime de Axudas como posible beneficiario para a medida que se encadra no proxecto.
- O proxecto non reúne os requisitos mínimos de carácter innovador para poder ser incluído dentro das liñas de actuación do Programa LEADER.

Con data 01 de marzo de 2010 AGADER ten solicitado ó GDR unha xustificación fundamentada do carácter non innovador deste proxecto, solicitando que se estableza un criterio xeral do Grupo que deberá seguir con todos os proxectos que se presenten, ou a rectificación do carácter desfavorable do ICE polos motivos esgrimidos.

O día 10 de maio de 2010 se remite a xustificación do carácter non innovador do proxecto.

O día 21 de xuño de 2010 se recibe o Informe de Control de Elixibilidade Desfavorable de Agader, por considerar que os proxectos de transporte público de viaxeiros están excluídos de subvencionabilidade por ser de reserva a favor das entidades locais.

Según o réxime de axudas do Programa Leader Galicia 2007-2013, a Xunta Directiva efectuará a proposta de resolución, de xeito motivado dos proxectos co ICE desfavorable.

A Xunta Directiva acepta a resolución desfavorable emitida por Agader polos motivos alegados na verificación do ICE.

2.2.4. Estudo do potencial de variedades branco lexítimo e agudelo na zona vitícola de Betanzos e comarca das Mariñas (L10-41100-29-0031).

Con data 26 de febreiro de 2010, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” unha solicitude de axuda para a realización dun estudio do “Potencial das variedades Branco Lexítimo e Agudelo (vitis vinifera L.) na zona vitícola de Betanzos e Comarca das Mariñas”. (Nº expediente: L10-41100-29-0031)

A iniciativa de carácter produtivo consiste en levar a cabo un estudio consistente en seguir o manexo das videiras de Blanco Lexítimo e Agudelo e sacar conclusións sobre o seu potencial: poda, aplicación de tratamentos fitosanitarios, control da maduración durante todo o ciclo vexetativo, vendima, elaboración da uva, análise dos mostos, catas, etc., todo elo controlado por EVEGA e a Misión Biolóxica de Galicia, co obxectivo fundamental de elaborar viños da maior calidade posible.

Con data 16 de abril de 2010 se envía a Agader o informe de control de elixibilidade.

O 07 de xuño de 2010 se recibe informe desfavorable de Agader por no cumprir o requisito do réxime de axudas onde se di que os proxectos que se enmarquen no ámbito de actuación de cooperación deben ser proxectos de cooperación entre produtores agrarios, empresas de transformación e comercialización agraria e/ ou centros tecnolóxicos e de investigación de cara ao desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías, o que non se cumpre neste proxecto xa que a promotora é a Fundación Juana de Vega coa que van a colaborar a Estación de viticultura e Enoloxía de Galicia (EVEGA), centro de investigación da Xunta de Galicia do INGACAL, e a Asociación de viticultores e adegueiros de Betanzos.

A Fundación Juana de Vega está estudando reformular o proxecto, para darlle forma dunha publicación.

A Xunta Directiva acepta a resolución desfavorable emitida por Agader polos motivos alegados na verificación do ICE.

2.3. INFORME PROXECTOS PRESENTADOS EN ESTUDO. PROGRAMA LEADER 2007-2013:

2.3.1. MEDIDA 413: DIVERSIFICACIÓN ECONOMÍA RURAL E MELLORA CALIDADE DE VIDA

2.3.1.1.-CREACIÓN GRANXA ESCOLA EN FOLGOSO (ABEGONDO) (L10-41300-29-0041)

Con data 05 de maio de 2010 ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para crear unha Granxa escola en Folgoso (Abegondo). O promotor do proxecto é unha sociedade limitada “ Xoaniña Verde S.L.”, que na actualidade son produtores ecolóxicos de horta.

O proxecto consiste na construción e acondicionamento nun entorno rural, dunha Escola Agropecuaria coa finalidade principal de potenciar a Agricultura Ecolóxica como motor de desenvolvemento sostible.

O obxectivo principal que persigue este proxecto é o ensino aos nenos e mozos das actividades agrícolas e gandeiras, dun xeito práctico e en contacto directo coa natureza para que contribúan ó desenvolvemento da súa personalidade. Preténdese que a escola sexa ademáis un centro de difusión de actividades e principios sostibles, tratando de integrar a todos os sectores sociais, na difusión de principios e técnicas de agricultura ecolóxica fomentando a explotación racional dos recursos naturais e de difusión de hábitos de vida saudables.

Os investimentos deste proxecto ascenden a 300.000.-€ (258.620,68.-€ sen IVE) e consisten na construción de dúas aulas de 85 m², cociña, baños, rehabilitación dun pequeno galpón, adecuación entorno e axardinamento da parcela, utilizando técnicas de bioconstrución, materiais reciclados, balas de palla, enerxías renovables, sistemas de depuración de augas residuais, xeración de biogás, aproveitamento da auga da chuvia e establecendo un invernadoiro.

O proxecto vai xerar o emprego dunha muller a xornada completa durante 5 anos.

Este proxecto é innovador no Concello de Abegondo, xa que non existe ningunha Granxa escola na actualidade. Esta iniciativa encaixa na estratexia elaborada polo Grupo, concretamente na liña 3.2.(apoio á creación de servizos para a mellora da calidade de vida no rural) e na liña 4.1(actividades culturais e de lecer dirixidas ao fomento da cultura propia do territorio)

O proxecto acadaría unha puntuación de 71 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 45%, que resultaría en 116.379,31.-€ de axuda aproximada.

Baremación PROXECTO PRODUTIVO: 71 puntos

1. Ubicación xeográfica:		1.-TOTAL: 32	Ptos
1.1. Características económicas do Concello	1.1.-TOTAL:	8	
1.1.1: Concellos con IMRPF menor ou igual a 90%.			
1.1.2: Concellos con IMRPF maior ao 90% e menor ou igual ao 93% (Abegondo)			8
1.1.5: Concellos con IMRPF superior á media galega.			0
1.2. Características demográficas do Concello	1.2.-TOTAL:	4	
A.-Densidade de poboación			
1.2.2: Concellos cunha densidade de poboación entre o 51% e o 100% da media galega (Abegondo)			4
B.-Taxa de paro.			
1.2.1: Concellos cunha taxa de paro inferior ao 9% según o IGE			
1.3. Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto	1.3.-TOTAL:	10	
1.3.1: Núcleos cunha poboación inferior ou igual a 500 persoas (Folgozo)			10
1.4. Outros criterios xeográficos	1.4.-TOTAL:	10	
1.4.1: Proxecto desenvolvido en concellos que non participan no GAC (Abegondo).			5
1.4.4: Proxecto desenvolvido nun Concello incluído nunha zona do Plan de Reequilibrio territorial Galicia (Abegondo)			5
2. Características do promotor do proxecto:	2.-TOTAL:	5	
2.7. Compromiso do uso do idioma galego.			5
3. Incidencia do emprego:	3.-TOTAL:	9	
3.1. Por creación de emprego			5
3.2. Por creación de emprego colectivos desfavorecidos			4
4. Impacto sobre o territorio:	4.-TOTAL:	25	
4.1. Capacidade de arrastre do proxecto	4.1.-TOTAL:	10	
4.1.1: Non existe a actividade económica do proxecto no concello.			4
4.1.2: Utilización de provedores do territorio na realización da inversión.			4

4.1.3: Iniciativa de nova creación(se admítea puntuación máxima do punto 4.1)	2
4.1.4: Por ser unha actividade agropecuaria ou de transformación agroindustrial.	
4.2. Incidencia medioambiental	4.2.-TOTAL: 10
4.2.1: O proxecto utiliza enerxías renovables e/ou técnicas eficientes de baixo consumo enerxético.	10
4.3. Outros criterios relativos ao impacto sobre o territorio	4.3.-TOTAL: 5
4.3.1: O proxecto encaixa dentro de máis de dúas liñas definidas na estratexia Leader.	5
PUNTUACIÓN TOTAL:	71

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a Agader.

2.3.1.2.-CREACIÓN ESTUDIO FOTOGRAFICO NO CONCELLO DE COIRÓS (L10-41300-29-0042).

Con data 06 de maio de 2010 ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para crear un estudio fotográfico no Concello de Coirós. A promotora do proxecto é unha muller menor de 40 anos con ampla experiencia na fotografía como aficionada, aínda que laboralmente ten exercido outras actividades, estando na actualidade en desemprego.

O proxecto consiste na creación dun estudio fotográfico para realizar reportaxes fotográficos de actos e eventos), así coma a prestación dun servizo de fotografías instantáneas.

O obxectivo principal que persigue este proxecto é dotar dun servizo fotográfico ó Concello de Coirós, onde na actualidade non existe este servizo e ó mesmo tempo vai crear o emprego da promotora.

O investimento deste proxecto ascenden a 20.535,16.-€ (17.702,72.-€ sen IVE) e comprende a obra civil necesaria para o acondicionamento do local, o equipamento de fotografía (kit de estudio, fotocélula infravermella, disparador por radio, fotocutter, difusor light, televisor, impresora, ordenador, SAI, cámara de fotos, flash, kit 3 spans con cadea e impresora fotocarnet) e outro equipamento.

Este proxecto é innovador no Concello de Coirós, xa que na actualidade non existe ningún estudo fotográfico.

Esta iniciativa encaixa na estratexia elaborada polo Grupo, concretamente na liña 3.2. apoio á creación de servizos para a mellora da calidade de vida no rural.

O proxecto acadaría unha puntuación de 65 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 42,5%, que resultaría 7.523,65.-€ de axuda aproximada.

Baremación PROXECTO PRODUTIVO: 65 puntos

1. Ubicación xeográfica:	1.-TOTAL: 36	Ptos
1.1. Características económicas do Concello	1.1.-TOTAL: 6	
1.1.3: Concellos con IMRPF maior ao 93% e menor ou igual ao 97% (Coirós)		6
1.1.4: Concellos con IMRPF maior ao 97% e menor ou igual ao 100%.		
1.1.5: Concellos con IMRPF superior á media galega.		0
1.2. Características demográficas do Concello	1.2.-TOTAL: 10	
A.-Densidade de poboación		
1.2.1: Concellos cunha densidade de poboación igual ou inferior ao 50% da media galega (Coirós)		5
B.-Taxa de paro.		
1.2.4: Concellos cunha taxa de paro igual ou superior ao 12% según o IGE (Coirós)		5
1.3. Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto	1.3.-TOTAL: 10	
1.3.1: Núcleos cunha poboación inferior ou igual a 500 persoas (Coirós de arriba)		10
1.4. Outros criterios xeográficos	1.4.-TOTAL: 10	
1.4.1: Proxecto desenvolvido en concellos que non participan no GAC (Coirós).		5
1.4.2: Proxecto desenvolvido en zonas de montaña ou desfavorecidas (Coirós)		5
2. Características do promotor do proxecto:	2.-TOTAL: 10	

2.1: Proxecto promovido por unha muller ou entidade onde o 50% de socios/as son mulleres.	5
2.7. Compromiso do uso do idioma galego.	5
3. Incidencia do emprego:	3.-TOTAL: 9
3.1. Por creación de emprego	5
3.2. Por creación de emprego colectivos desfavorecidos	4
4. Impacto sobre o territorio:	4.-TOTAL: 10
4.1. Capacidade de arrastre do proxecto	4.1.-TOTAL: 10
4.1.1: Non existe a actividade económica do proxecto no concello.	4
4.1.2: Utilización de provedores do territorio na realización da inversión.	4
4.1.3: Iniciativa de nova creación(se admite a puntuación máxima do punto 4.1)	2
4.2. Incidencia medioambiental	4.2.-TOTAL: 0
4.3. Outros criterios relativos ao impacto sobre o territorio	4.3.-TOTAL: 0
4.3.3: Modernización da actividade creando un novo produto	
PUNTUACIÓN TOTAL:	65

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a Agader.

2.3.1.3.-AULA NET CULTURA ABERTA (L10-41300-29-0044).

Con data 07 de xuño de 2010 ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para crear unha AULA de informática que contribúa a achegar as TIC,s aos cidadáns da comarca das Mariñas-Betanzos. O promotor deste proxecto non produtivo é unha asociación cultural sen ánimo de lucro constituída no ano 2004 e situada no Concello de Carral, “Cultura Aberta”.

O proxecto consiste na creación dun AULA de informática no local da asociación “Cultura Aberta”, de acceso libre para dar servizo ás asociacións existentes na comarca Mariñas-Betanzos, así como ó público en xeral. Na aula se impartirán cursos de formación dirixidos principalmente aos diferentes colectivos do 3º sector. O servizo sería gratuíto para os menores de 18 anos e os pertencentes a asociacións da Comarca das Mariñas-Betanzos.

O obxectivo principal que persigue este proxecto é dotar dun servizo das TIC’s ó tercer sector, posto que moitas das asociacións existentes na actualidade non contan con este servizo. Os servizos que prestaría a aula sería o acceso a internet, o uso dos equipos para traballos particulares, plans de formación para o coñecemento básico das TIC,s levados directamente pola asociación promotora ou por outra entidade da comarca.

Os investimentos deste proxecto ascenden a 18.218,10.-€ (15.705,26.-€ sen IVE) e comprende a adquisición de 12 ordenadores, unha pizarra, un proxector, 16 cadeiras, 2 mesas, folletos divulgativos, software e custos da consultaría e elaboración do proxecto.

Este proxecto é innovador no Concello de Carral, xa que na actualidade non existe ningun que dé un servizo de formación das novas tecnoloxías para todas as asociacións existentes no territorio Mariñas-Betanzos.

Esta iniciativa encaixa na estratexia elaborada polo Grupo, concretamente na liña 3.2.(apoio á creación de servizos para a mellora da calidade de vida no rural) e na liña 9.1 (Implantación de servizos, actividades culturais e de lecer para fomentar o asociacionismo e a cooperación).

O proxecto acadaría unha puntuación de 60 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 64,98%, que resultaría 11.838,12.-€ de axuda aproximada.

Baremación PROXECTO NON PRODUTIVO: 60 puntos.

1. Ubicación xeográfica:	1.-TOTAL:	20
1.1. Características económicas do Concello	1.1.-TOTAL: 4	
1.1.4: Concellos con IMRPF maior ao 97% e menor ou igual ao 100% (Carral)	4	
1.1.5: Concellos con IMRPF superior á media galega.	0	
1.2. Características demográficas do Concello	1.2.-TOTAL: 5	
A.-Densidade de poboación		
1.2.3: Concellos cunha densidade de poboación entre o 101% e o 200 % da media galega(Carral).	3	
B.-Taxa de paro.		
1.2.1: Concellos cunha taxa de paro inferior ao 9% según o IGE(Carral).	2	
1.3. Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto	1.3.-TOTAL: 6	
1.3.3: Núcleos cunha poboación superior a 1.500 e inferior a 2.500 persoas (Carral)	6	
1.3.4: Núcleos cunha poboación igual e superior a 2.500 persoas.	0	
1.4. Outros criterios xeográficos	1.4.-TOTAL: 5	
1.4.1: Proxecto desenvolvido en concellos que non participan no GAC	5	
2. Características do promotor do proxecto:	2 -TOTAL:	20
2.1: Proxecto promovido por entes supramunicipais do ámbito de actuación, así como por entidades públicas ou privadas que promovan proxectos de ámbito supramunicipal.	15	
2.4. Compromiso do uso do idioma galego por parte da persoa/ promotora na execución e desenvolvemento do proxecto.	5	
3. Impacto sobre o territorio:	3.-TOTAL:	20
3.4: O proxecto consiste na prestación dun servizo á poboación para mellorar a calidade de vida	5	
3.5. Por cada fracción de 0,25 empregos creados outorgase unha puntuación de 1,25 puntos.		
3.6: Utilización de insumos-proveedores do territorio do territorio na realización da inversión.	5	
3.7: O proxecto encaixa dentro de máis dunha liña definidas na estratexia do GDR ou está relacionado co tema central da AUGA. 3.2.(apoio á creación de servizos para a mellora da calidade de vida no rural); 9.1 (Implantación de servizos, actividades culturais e de lecer para fomentar o asociacionismo e a cooperación).	10	
TOTAL		60

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a Agader.

2.3.1.4.-AMPLIACIÓN DE CAMPO DE GOLF EN LARÍN- ARTEIXO (L10-41300-29-0046).

Con data 08 de xuño de 2010 ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para ampliar o campo de golf de Larín (Arteixo). O promotor deste proxecto produtivo é a sociedade anónima “HERCULES CLUB DE GOLF,S.A.”, que cumpre os requisitos de peme.

O proxecto consiste na ampliación do actual campo de golf pasando de 14 a 18 ocos coa finalidade de mellorar a atracción turística, sobre todo dos golfistas do norte de Europa e de ofrecer unha oferta máis completa da que ten na actualidade. Os investimentos deste proxecto ascenden a 600.000.-€ (517.241,37.-€ sen IVE) e comprende a adquisición dos terreos e preparación de 4 campos (4 ocos), compra de maquinaria para o mantemento do campo, mellora das instalacións dos vestiarios e construción dun galpón para gardar a maquinaria.

Nos novos ocos do campo de golf, que actualmente son pastizais (aproximadamente 5 hectareas), se realizarían plantacións de árbores autóctonos, fundamentalmente castiñeiro. Así mesmo, realizarase unha xestión eficiente da auga almacenando a choiva nunha pequena lagoa para utilizar despois para a rega. Empregarase así mesmo árbores e vexetación autóctonos no acompañamento das rúas. Tamén se van colocar paneis solares para quentar a auga de consumo en vestiarios e se mellorará a eficiencia enerxética con iluminación de baixo consumo.

Esta iniciativa encaixa na estratexia elaborada polo Grupo, concretamente na liña 9.2.(fomento de actividades turísticas ligadas ao medio natural, creación de paquetes turísticos coa oferta do territorio).

O proxecto crearía dous empregos a tempo completo de colectivos desfavorecidos.

O proxecto acadaría unha puntuación de 61 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 40,5%, que resultaría 200.000.-€ de axuda aproximada.

Baremación PROXECTO PRODUTIVO: 61 puntos

1. Ubicación xeográfica:	1.-TOTAL:	19	Ptos
1.1. Características económicas do Concello	1.1.-TOTAL:	4	
1.1.4: Concellos con IMRPF maior ao 97% e menor ou igual ao 100%. (Arteixo)			4
1.1.5: Concellos con IMRPF superior á media galega.			0
1.2. Características demográficas do Concello	1.2.-TOTAL:	5	
A.-Densidade de poboación			
B.-Taxa de paro.			
1.2.4: Concellos cunha taxa de paro igual ou superior ao 12% según o IGE (Arteixo)			5
1.3. Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto	1.3.-TOTAL:	10	
1.3.1: Núcleos cunha poboación inferior ou igual a 500 persoas.			10
1.4. Outros criterios xeográficos	1.4.-TOTAL:	0	
2. Características do promotor do proxecto:	2.-TOTAL:	5	
2.7. Compromiso do uso do idioma galego.			5
3. Incidencia do emprego:	3.-TOTAL:	18	
3.1. Por creación de emprego			10
3.2. Por creación de emprego colectivos desfavorecidos			8
4. Impacto sobre o territorio:	4.-TOTAL:	19	
4.1. Capacidade de arrastre do proxecto	4.1.-TOTAL:	4	
4.1.2: Utilización de provedores do territorio na realización da inversión.			4
4.2. Incidencia medioambiental	4.2.-TOTAL:	10	
4.2.1: O proxecto utiliza enerxías renovables e/ou técnicas eficientes de baixo consumo enerxético.			10
4.2.2: Contribución prevención incendios forestais, recuperación entornos degradados. Mellorar recursos hídricos.			
4.3. Outros criterios relativos ao impacto sobre o territorio	4.3.-TOTAL:	5	
4.3.2: O proxecto define un Plan de Igualdade na xestión empresarial do persoal.			5
PUNTUACIÓN TOTAL:			61

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a Agader.

2.3.1.5.-IMPLANTACIÓN PLATAFORMA DE COMUNICACIÓN EN DISTRIBUIDORA DE ALIMENTACIÓN (L10-41300-29-0048).

Con data 09 de xuño de 2010 ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para implantar unha plataforma de comunicacións baseada nun software libre, nunha distribuidora de alimentación en Coiro-Sada. Pretende dotar ó departamento comercial de novos canais de venda que xestione máis clientes a modo de Televenda e Comercio Electrónico, sendo maiorista, ademais de favorecer as relacións cos clientes e provedores por medio da voz, videoconferencia, fax, e-mail e mensaxería instantánea.

Este novo departamento vai completar a actividade comercial, a dinamizar a acción de venda, poñendo ó servizo dos clientes dúas novas fórmulas de compra (Televenda e Comercio electrónico) o que vai permitir un aforro de custos da actividade comercial. Con este proxecto a empresa sería pioneira na instalación do servizo de televenda, no sector da hostalería na provincia da Coruña

O promotor deste proxecto productivo é a sociedade limitada“CENTRAL DISTRIBUIDORA VÁZQUEZ Y CARBALLOSA S.L.” ubicada en Coiro-Sada coa actividade de distribución de bebidas e alimentación dentro do sector HORECA.

Os investimentos deste proxecto ascenden a 42.747,16.-€ (36.851,00.-€ sen IVE) e comprende a adquisición do software cun módulo aplicativo de xestión e contabilidade, dun hardware (servidores, S.A.I, Switch, armario, consola, teléfono, auricular, conmutador, Rack, Gateway GSM, banco de canais) e outros servizos (instalación, configuración e posta en marcha).

Esta iniciativa encaixa na estratexia elaborada polo Grupo, concretamente na liña 1.4.(Incentivos para a incorporación de innovacións nas empresas). O proxecto acadaría unha puntuación de 34 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 27%, que resultaría 9.949,77.-€ de axuda aproximada.

Baremación PROXECTO PRODUCTIVO: 34 puntos

1. Ubicación xeográfica:		1.-TOTAL:	15
1.1. Características económicas do Concello	1.1.-TOTAL: 0		
1.1.5:Concellos con IMRPF superior á media galega. (Sada)			
1.2. Características demográficas do Concello	1.2.-TOTAL: 5		
A.-Densidade de poboación			
1.2.4: Concellos cunha densidade de poboación entre o 201% e o 300 % da media galega.			
B.-Taxa de paro.			
1.2.4:Concellos cunha taxa de paro igual ou superior ao 12% según o IGE.(Sada).			5
1.3. Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto	1.3.-TOTAL: 10		
1.3.1: Núcleos cunha poboación inferior ou igual a 500 persoas (Coiro-Sada)			10
1.4. Outros criterios xeográficos	1.4.-TOTAL: 0		
1.4.1: Proxecto desenvolvido en concellos que non participan no GAC.			
2. Características do promotor do proxecto:		2.-TOTAL:	10
2.6. Proxecto promovido por persoas maiores de 55 anos ou entidades onde o 50% dos socios teñen mais 55 anos			5
2.7. Compromiso do uso do idioma galego.			5
3. Incidencia do emprego:		3.-TOTAL:	0
3.1. Por creación de emprego .			
3.2. Por creación de emprego colectivos desfavorecidos (parados de larga duración, mozos menores de 40 anos).			
4. Impacto sobre o territorio:		4.-TOTAL:	9
4.1. Capacidade de arrastre do proxecto	4.1.-TOTAL: 4		
4.1.2: Utilización de insumos-proveedores do territorio na realización da inversión (10% mínimo)			4
4.1.3: Iniciativa de nova creación.			
4.1.4: Por ser unha actividade agropecuaria ou de transformación agroindustrial.			
4.2. Incidencia medioambiental	4.2.-TOTAL: 0		
4.2.1: O proxecto utiliza enerxías renovables e/ou técnicas eficientes de baixo consumo energético.			
4.2.2: Contribución prevención incendios forestais, recuperación entornos degradados. Mellorar recursos hídricos.			
4.3. Outros criterios relativos ao impacto sobre o territorio	4.3.-TOTAL: 5		
4.3.3: Modernización da actividade creando un novo produto			5
PUNTUACIÓN TOTAL:			34

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a Agader.

2.3.1.6.-REFORMA DO PAVILLÓN PARA ATENCIÓN INTEGRAL A PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL.

Con data 30 de xuño de 2010 ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para crear un centro integral de alumnos con parálise cerebral nun pavillón da asociación ASPACE. O centro contará con tres áreas diferenciadas (área educativa, asistencial e organizativa) e oito aulas, sala de enfermería, logopedia, novas tecnoloxías, fisioterapia, dirección e patio cuberto.

O promotor deste proxecto non produtivo é a asociación sen ánimo de lucro ASPACE, ubicada na parroquia de OSEDO, no Concello de Sada. Na actualidade da emprego a máis de 30 persoas, prestando servizos ás persoas e familiares de persoas con parálise cerebral, prestando estes servizos en todo a área socio-sanitaria. Os investimentos deste proxecto ascenden a 1.121.983,80.-€ (950.833,73.-€ sen IVE) e comprende a obra civil para adaptación do centro, ademais do equipamento e mobiliario.

Este proxecto contribuirá a crear dous empregos a tempo completo.

Esta iniciativa encaixa na estratexia elaborada polo Grupo, concretamente na liña 3.2.(Apoio á implementación e prestación de servizos no medio rural).

O proxecto acadaría unha puntuación de 50 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 50%, que resultaría 250.000.-€ de axuda aproximada.

Baremación PROXECTO NON PRODUTIVO: 50 puntos

1. Ubicación xeográfica:	1.-TOTAL:		15
1.1. Características económicas do Concello	1.1.-TOTAL: 0		
1.1.5:Concellos con IMRPF superior á media galega (Sada)		0	
1.2. Características demográficas do Concello	1.2.-TOTAL: 5		
A.-Densidade de poboación			
1.2.4: Concellos cunha densidade de poboación entre o 201% e o 300 % da media galega			
B.-Taxa de paro.			
1.2.4:Concellos cunha taxa de paro igual ou superior ao 12% según o IGE (Sada)		5	
1.3. Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto	1.3.-TOTAL: 10		
1.3.1: Núcleos cunha poboación inferior ou igual a 500 persoas (Osedo)		10	
1.4. Outros criterios xeográficos	1.4.-TOTAL: 0		
1.4.4: Proxecto desenvolvido nun Concello incluído nunha zona do Plan de Reequilibrio territorial Galicia.			
2. Características do promotor do proxecto:	2 -TOTAL:		5
2.4. Compromiso do uso do idioma galego por parte da persoa/ promotora na execución e desenvolvemento do proxecto.		5	
3. Impacto sobre o territorio:	3.TOTAL:		30
3.3: O proxecto está dirixido a favorecer o emprego das mulleres, mozos menores 40 anos, discapacitados, inmigrantes, parados de longa duración (máis de ano e medio apuntado no INEM). O proxecto favorece a igualdade entre homes e mulleres.		20	
3.4: O proxecto consiste na prestación dun servizo á poboación para mellorar a calidade de vida		5	
3.5. Por cada fracción de 0,25 empregos creados outorgase unha puntuación de 1,25 puntos.			
3.6: Utilización de insumos-proveedores do territorio do territorio na realización da inversión.		5	
TOTAL			50

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a Agader.

2.3.1.7.-AMPLIACIÓN EMPRESA ADICADA AO COMERCIO AO POR MAIOR .

Con data 30 de xuño de 2010 ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para ampliar unha empresa adicada ao comercio ao por maior na Castellana (Concello de Aranga), de material agrícola e de suministros para o medio rural e a actividade agraria.

O promotor deste proxecto produtivo é a sociedade limitada, Yañez Ferrería e Material de Construción S.L. ubicada na Castellana, e que leva máis de 30 anos prestando servizos de abarrote para as explotacións agrarias ao por maior. Na actualidade o negocio o están a xestionar 2 persoas xóvenes, a filla dos anteriores donos e o seu marido, prantexando con este expediente Leader unha profunda remodelación na idea de negocio.

Os investimentos deste proxecto ascenden a 227.740,54.-€ (196.328,05.-€ sen IVE) e comprende a obra civil da ampliación do local, ordenadores, hardware, estanterías e instalación dunha bomba de calor. O proxecto suporá unha transformación radical no modelo de negocio que leva desenvolvéndose os últimos 30 anos, mellorando a loxística da nave así como a eficiencia e a atención ao cliente. O uso das novas tecnoloxías permitirá modernizar o sistema de inventario así como de pedidos, co conseguente aforro en tempo de resposta aos compradores. A renovación da nave proposta permitirá un importante aforro enerxético, pois usarán luminarias de baixo consumo, así como implantarán un sistema de bomba de calor tanto para o inverno como para o verán.

Esta iniciativa encaixa na estratexia elaborada polo Grupo, concretamente na liña 1.2 Incentivos para a creación de emprego. O proxecto acadaría unha puntuación de 61 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 40,5%, que resultaría 79.512,86.-€ de axuda aproximada.

Baremación PROXECTO PRODUTIVO: 61 puntos

1. Ubicación xeográfica:	1.-TOTAL:	37
1.1. Características económicas do Concello	1.1.-TOTAL:	10
1.1.1: Concellos con IMRPF menor ou igual a 90%(Aranga)		10
1.2. Características demográficas do Concello	1.2.-TOTAL:	7
A.-Densidade de poboación		
1.2.1: Concellos cunha densidade de poboación igual ou inferior ao 50% da media galega (Aranga)		5
B.-Taxa de paro.		
1.2.1:Concellos cunha taxa de paro inferior ao 9% según o IGE (Aranga)		2
1.3. Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto	1.3.-TOTAL:	10
1.3.1: Núcleos cunha poboación inferior ou igual a 500 persoas (A Castellana)		10
1.4. Outros criterios xeográficos	1.4.-TOTAL:	10
1.4.1: Proxecto desenvolvido en concellos que non participan no GAC(Aranga)		5
1.4.2: Proxecto desenvolvido en zonas de montaña ou desfavorecidas(Aranga)		5
1.4.3: Proxecto desenvolvido en espazo natural protexido cunha figura de protección		
1.4.4: Proxecto desenvolvido nun Concello incluído nunha zona do Plan de Reequilibrio territorial Galicia (Aranga).Acada a puntuación máxima e non se ten en conta.		
2. Características do promotor do proxecto:	2.-TOTAL:	10
2.1: Proxecto promovido por unha muller ou entidade onde o 50% de socios/as son mulleres.		5
2.2: Proxecto promovido por unha persoa xoven ou por unha entidade onde o 50% dos socios/as son xóvenes.		
2.7. Compromiso do uso do idioma galego.		5
3. Incidencia do emprego:	3.-TOTAL:	0
3.1. Por creación de emprego.		
3.2. Por creación de emprego colectivos desfavorecidos.		
4. Impacto sobre o territorio:	4.-TOTAL:	14

4.1. Capacidade de arrastre do proxecto	4.1.-TOTAL:	4	
4.1.1: Non existe a actividade económica do proxecto no concello.			
4.1.2: Utilización de insumos-provedores do territorio na realización da inversión (10% mínimo)		4	
4.1.3: Iniciativa de nova creación.			
4.1.4: Por ser unha actividade agropecuaria ou de transformación agroindustrial.			
4.2. Incidencia medioambiental	4.2.-TOTAL:	10	
4.2.1: O proxecto utiliza enerxías renovables e/ou técnicas eficientes de baixo consumo energético.		10	
4.2.2: Contribución prevención incendios forestais, recuperación entornos degradados. Mellorar recursos hídricos.			
4.3. Outros criterios relativos ao impacto sobre o territorio	4.3.-TOTAL:	0	
PUNTUACIÓN TOTAL:			61

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a Agader.

2.3.1.8.-ELABORACIÓN DE LIBRO SOBRE RECEITAS DA GASTRONOMÍA TRADICIONAL.

Con data 05 de xullo de 2010 ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para a elaboración dun libro de receitas da gastronomía tradicional.

M^a del Pilar Díaz Fernández, profesional da cociña, é a promotora deste proxecto, que comprende a investigación sobre o patrimonio cultural gastronómico da zona das Mariñas-Betanzos, redacción, edición, publicación e difusión posterior do libro.

Con este proxecto se pretende dar a coñecer a cultura gastronómica e os produtos autóctonos da zona, fomentar a cociña tradicional, promocionar a agricultura ecolóxica e a gandería e ó mesmo tempo contribuír a conservar os pratos tradicionais do territorio, buscando a súa modernización adaptandoo as necesidades nutricionais actuais.

Este proxecto de carácter non-produtivo ten un orzamento aproximado de 45.000 €, sendo subvencionable nun 50%.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a Agader.

3. INFORME DE NOVIDADES E OUTROS ASUNTOS.

3.1 REUNIÓN COA DEPUTACIÓN DE A CORUÑA.

Tense enviado á Deputación carta según o acordado na Directiva, asistindo o Presidente a unha reunión bilateral onde se acordou crear unha comisión.

Posteriormente, o pasado luns 28 de xuño, teñen convocado á Mesa de organizacións ambientais a unha reunión de Seguimento, asistindo Mariñas-Betanzos, así como a asociación Rabo do Galo.

3.2 REDUCCIÓN DO ORZAMENTO DO EXPEDIENTE “L09-43100-29-B001 REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN E LANZAMENTO DO PROGRAMA LEADER”.

No expediente “L09-43100-29-B001 Realización de actividades de difusión e lanzamento do Programa Leader” se ten reducido o orzamento, para poder cobrar os gastos realizados sen necesidade de aval cando se certifique máis de 18.000.-€. Deste xeito se cobraría 18.000.-€ sen aval e a cantidade restante, se cobraría unha vez que se finalice o proxecto. Se detallan as modificacións do expediente:

Concepto	Partida	Orzamento aceptado	Orzamento executado	Orzamento pendente de executar	Orzamento reducido	Orzamento definitivo	Pendente de executar a 03/06/2010
Custo persoal técnico contratado durante 18 meses. Custo desprazamento e dietas	GASTOS PERSOAL	40.500,00	6.553,57	33.946,43	33.946,43	6.553,57	0,00
Creación imaxe corporativa e material promocional (ver anexo detallado)	IMAXE CORPORATIVA E MATERIAL DIVULGATIVO	13.000,00	14.937,67	-1.937,67		14.937,67	0,00
Aluguer locais para difusión Programa LEADER	DIFUSIÓN DO PROGRAMA	2.000,00		2.000,00	62,33		0,00
Gastos de publicidade do Programa LEADER en diferentes medios de comunicación	DIFUSIÓN DO PROGRAMA	10.000,00	428,71	9.571,29	8.271,29	1.728,71	1.300,00
Reedicións de material promocional Programa LEADER	MATERIAL PROMOCIONAL	8.000,00		8.000,00	6.000,00	2.000,00	2.000,00
Custo asistencia cursos persoal xestor Programa LEADER	CURSOS E ASISTENCIA A FEIRAS	1.000,00		1.000,00	1.000,00	0,00	0,00
Custo asistencia a Feiras	CURSOS E ASISTENCIA A FEIRAS	4.000,00	2.299,93	1.700,07		4.000,00	1.700,07
		78.500,00	24.219,88	54.280,12	49.280,05	29.219,95	5.000,07

A Xunta Directiva mostra a súa conformidade coa redución do orzamento deste expediente, ratificando a solicitude.

3.3 APERTURA DUN NOVO EXPEDIENTE “L10-43100-29-B002 ACCIÓNS FORMATIVAS VINCULADAS Á APLICACIÓN ESTRATEXIA”.

O 27 de abril de 2010 o G.D.R. Mariñas-Betanzos, ten aberto un expediente para a realización das xornadas formativas vinculadas á aplicación da estratexia “Xornadas sobre as Reservas da Biosfera e Xornadas sobre a auga” coa intención de cubrir os custos dos poñentes e gastos de difusión. Este proxecto se pretendía complementar coa axuda solicitada ó Ministerio dentro do proxecto de cooperación “Rede de Espazos Ambientalmente Competitivos” e que non foi concedido.

O orzamento ascende a 15.000.-€ e comprende:

Gastos poñentes (desprazamento, manutención e aloxamento): 10.500.-€

Gastos de difusión (dípticos, carteis, medios de comunicación, roll-up): 4.500.-€

A Xunta Directiva aproba a apertura deste expediente.

3.4 INFORME RESUMO DA EXECUCIÓN DO PROGRAMA LEADER (XÚNTASE ANEXO).

A Xunta Directiva solicita que se recolla a porcentaxe de axuda na táboa de compromisos en vindeiros informes.

3.5 ASEMBLEA DA ASOCIACIÓN GALEGA DE GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA

Tras a última celebración da Asemblea da Asociación Galega de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia, a nova Xunta directiva queda configurada do seguinte xeito: Presidencia: Mariñas-Betanzos; Vicepresidencia primeira: Asociación ADERCOU (Ourense); Secretaría: Ancares-Courel; Tesourería: Ulla-Tambre-Mandeo; Vogais: Mariña-Lucense e Área Intermunicipal de Vigo-Baixo Miño.

Así mesmo, se ten elaborado un documento técnico coas demandas a trasladar a Agader.

3.6 INFORME SOBRE A RESOLUCIÓN DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN 2010 DO MINISTERIO.

Con data 22 de xuño de 2010, o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño comunica ó G.D.R. Mariñas-Betanzos a Proposta de Resolución Provisional da concesión de subvencións a proxectos de cooperación interterritorial e transnacional da convocatoria 2010.

O proxecto “Rede espazos ambientalmente competitivos II (REDEAC II), que completaba o anterior proxecto de cooperación do ano 2009, non tivo concesión de axuda nesta convocatoria.

O proxecto “Novos horizontes”, onde o G.D.R Mariñas-Betanzos participa, xunto con 11 Asociacións de Desenvolvemento Rural (Asociación Comarca de Ordes, Asociación Euroeume, Asociación O Salnés, Asociación Terras de Lugo, Asociación de Desenvolvemento Rural Bergantiños, Asociación G.D.R. Bajo Nalón, Asociación Navia Porcía, Asociación Terras do Deza, Asociación Costa Noroeste, Asociación Monteval, Asociación Ancares-Courel), tivo unha axuda de 445.666.-€. a executar entre 2010 e o 2013. A elaboración da asistencia técnica que corresponde a anualidade 2010 ascende a 192.000.-€.

3.7. INFORME SOBRE A RESOLUCIÓN DE CANDIDATURA AO PROGRAMA LIFE SOBRE “XESTIÓN INTEGRADA DO LITORAL.

Estase coordinando co Grupo de Acción Costeira “Mariñas-Betanzos” unha Candidatura para o Programa LIFE sobre a xestión integrada de Zonas costeiras. Este proxecto incluíría actuacións para a mellora da xestión ambiental (eliminación de vertidos contaminantes, seguimento dos parámetros físico-químicos da zona costeira así como corrientes, etc.). Inclúe tamén medidas para coordinar os distintos usos no litoral (recreativo, deportivo, empresarial, extractivo, ambiental, conservación de hábitats, etc.). Así mesmo programa actuacións para diversificar producións mariñeiras.

O obxectivo último é o da Directiva Marco das Augas Mariñas: acadar o bo estado ecolóxico das augas mariñas no horizonte do ano 2020.

A solicitude a faría a Asociación Mariñas-Betanzos como socio principal, estando na actualidade buscando outros socios para o proxecto.

A Xunta Directiva de Mariñas-Betanzos, tras deliberación, acorda a presentación desta candidatura como socio beneficiario coordinador.

3.8. PROPOSTA DE PROXECTO PILOTO PARA AVALIAR A VIABILIDADE DA COMPOSTAXE NO MEDIO RURAL.

Desde Mariñas-Betanzos tense presentado un proxecto dentro da convocatoria da Consellería de Medio Ambiente para estudar a viabilidade e os impactos na redución de lixo nas vivendas unifamiliares, mediante o uso de pequenos compostadores de materia orgánica. O proxecto desenvolveríase nos concellos da comarca de Betanzos. (“Xuntase memoria).

A Xunta Directiva de Mariñas-Betanzos ratifica a solicitude e manifesta o interese en executar este proxecto.

3.9. CONCLUSIÓNS XORNADAS RESERVA DA BIOSFERA.

Nas Xornadas da reserva da Biosfera promovidas polo G.D.R. Mariñas-Betanzos e que se desenvolveron o 28 e 29 de maio de 2010 na Senra (Concello de Bergondo) se trataron os seguintes temas:

MESA I-O PROGRAMA MAB E A REDE ESPAÑOLA DE RESERVAS DA BIOSFERA: OBXECTIVOS E FINALIDADES:

1. Dna. NATALIA BELTRÁN DÍAZ. Xefa do Servizo do Programa MaB. Organismo Autónomo de Parques Nacionais e Dna. CRISTINA HERRERO MOLINA. Técnico do Servizo MaB.

Natalia Beltrán introduciunos ao artellamento do Programa MaB da UNESCO en España. Definiuse ás Reservas de Biosfera como “áreas representativas dos territorios e os biomas do planeta Terra, de ambientes terrestres, costeiros e mariños”. O **obxectivo das Reservas** é “**conciliar a conservación da natureza e o desenvolvemento económico e social**” e as súas funcións son as de “conservación, desenvolvemento e apoio loxístico (actividades ligadas aos valores naturais)”.

Tamén explicou a **Lei 42/2007** que establece a **zonificación coa que debe contar unha Reserva: Zonas núcleo, Zonas protección e Zonas de Transición.**

Os principais fitos históricos en canto ao Programa MaB e á Rede Mundial de Reservas de Biosfera:

Ano 1971. A UNESCO promove o Programa MaB,

Ano 1995. Estratexia de Sevilla e Marco Estatutario da Rede Mundial (actualmente en vigor).

Ano 2008. Plan de Acción de Madrid (2008-2013).

Ano 2009. Plan de Acción del Montseny (PAMO) 2009-2013, que fixa o Plan de Acción da Rede Española de Reservas.

Hai que destacar a evolución que ten sufrido o concepto **Reservas de Biosfera**, que ten pasado de ser (anos 70) concibido coma un espazo natural protexido, ao que representan na actualidade como “**lugares comprometidos coa sostibilidade**”.

Aínda que as Reservas, en si, non prohiben ou restrinxen uso a maiores da lexislación actual, si se valoran os compromisos que cada territorio adquire en favor do desenvolvemento sostible: “**A forza dunha Reserva de Biosfera está no compromiso dos axentes locais**”.

2. **D. PABLO RAMIL REGO. Director del IBADER (Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural) e membro do Comité Español do Programa MaB.**

O Dr. Pablo Ramil fixo un repaso da evolución do concepto Espazo Natural desde a creación do Parque Nacional de Yellowstone (1872) en EEUU á actualidade. Tense pasado dun concepto no que só se entendía a conservación ou preservación da natureza idílica en estado primixenio a, co paso dos anos, concibir os Espazos Naturais como espazos que deben conservar os seus valores naturais pero tamén dos que se poida disfrutar e darlle outros usos, como o social, recreativo, educativo, etc.

Sen embargo, a diferenza dos Espazos Naturais propiamente ditos, as Reservas de Biosfera son territorios que ademais de posuír espazos de alto valor natural están comprometidos co desenvolvemento económico e social sostible. É dicir, **buscan a integración da conservación da natureza coas actividades humanas.**

MESA II. AS RESERVAS DE BIOSFERA: OPORTUNIDADES PARA O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE.

3. **D. ROGELIO FERNÁNDEZ DÍAZ. Subdirector Xeral de Espazos Naturais e Biodiversidade. Consellería do Medio Rural. Xunta de Galicia.**

D. Rogelio Fernández amosouse moi ilusionado cunha posible candidatura a Reserva Biosfera, sinalando que é importante o consenso dos axentes do territorio, **sendo as Reservas de Biosfera un modelo interesante e que contribuirá a mellorar o desenvolvemento económico e a conservación medioambiental.**

Sinalou que a Consellería está traballando na ampliación da Rede Natura 2000 e expresou o **apoio da Consellería a unha posible candidatura a Reserva Biosfera**, indicando que a finais do ano 2010 os Espazos de Rede Natura (Zonas Núcleo de futura Reserva) contarán cos Plans de Ordenación, aprobados polo Goberno galego.

4. **D. JAVIER MARTÍN HERRERO. Subdirector Adxunto de Desenvolvemento Sostible do Medio Rural. Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño.**

Nesta intervención, o Sr. Martín sinalou que a Lei de Desenvolvemento Rural Sostible “emana” da filosofía das Reservas de Biosfera; é dicir, xurde como “extensión” de esta exitosa filosofía de traballo e dos anos de experiencia.

No **marco de apoio ás Reservas, que establece o MARM** para o 2010, establécense as seguintes prioridades de actuación:

Nivel 1: Loita contra a perda de diversidade biolóxica, instrumentos de planificación, Instalacións/equipamentos para funcionar os órganos xestores e cooperación entre Reservas de Biosfera.

Nivel 2: Accións de desenvolvemento sostible, Comunicación e difusión, Formación e sensibilización.

Nivel 3: Promoción da calidade diferenciada e marcas, Club Produto Turístico Reserva de Biosfera, Adaptación/mitigación cambio climático, Desenvolvemento experiencias exitosas Rede Mundial, Investimentos reais asociados a contratos territoriais e outras accións do Plan de Acción de Madrid.

5. **D. BERNARDO VARELA LÓPEZ. Concelleiro de Medio Ambiente de Allariz.**

Nesta presentación, o Sr. Varela incidiu en que **ser “Reserva de Biosfera”** non debe ser o obxectivo, senón unha **estratexia ou unha ferramenta para acadar o desenvolvemento sostible.**

Sinalou a importancia de que no territorio exista unha conciencia de desenvolvemento sostible real e fixo un repaso polas actuacións medioambientais e de desenvolvemento sostible realizadas en el Área de Allariz: recuperación de patrimonio e superficies abandonadas, etc.

MESA III. LAS RESERVAS DE BIOSFERA: EXPERIENCIAS DE HOE, MODELOS DE FUTURO.

6. D. TOMÁS RUEDA GAONA. Coordinador da Reserva de Biosfera “Sierra de las Nieves”.

Nun primeiro momento felicita aos GDRs “Mariñas-Betanzos”, “EuroEume” e “Comarca de Ordes” pola forma na que se ten iniciado este proceso: con INFORMACIÓN, FORMACIÓN e PARTICIPACIÓN. Tamén sinala que unha Reserva de Biosfera significa un compromiso co Desenvolvemento Sostible, é dicir, a conservación dos valores ambientais e a mellora da calidade de vida da poboación.

Destacou a importancia dos valores ambientais, culturais, etnolóxicos e históricos como motor de desenvolvemento para o territorio.

Sinalou a importancia de constituír un Consorcio “público-privado”, como órgano de xestión da Reserva de Biosfera, no que debería estar representado: o Grupo de Desenvolvemento Rural, ademais da Administración Autonómica e Local que son as que teñen competencias.

7. Dna. JOANA BARBER ROSADO. Directora da Reserva de Biosfera de “Montseny”.

Esta é a 3ª Reserva declarada en España e coincide integramente co Parque Natural do Montseny, cuestión esta que sinala coma non desexable, xa que as Reservas non deben ser “zonas” unicamente a conservar.

Aínda que a xestión depende principalmente da Deputación de Barcelona, ns órganos de xestión participan activamente outros Axentes Locais.

Dna. Joana Barber destacou a importancia de destinar recursos a estes territorios declarados “Reservas de Biosfera”, e no caso concreto de “Montseny”, no período 2005-2009 se ten destinado 6.000.000 €/anuais. Algúns dos programas ou actuacións levadas a cabo son: Restauración do medio natural e a paisaxe; Plans de prevención de incendios; Fomento de actividades económicas compatibles; Infraestruturas e servizos; Cooperación cos municipios e educación ambiental.

8. Dna. LAURA VÁZQUEZ JANEIRO. Coordinadora da Reserva de Biosfera “Terras do Miño”.

Dna. Laura Vázquez baseou a súa presentación na experiencia da Reserva de Biosfera “Terras do Miño”; a Reserva de Biosfera máis grande de España e que foi declarada no ano 2002. En total engloba a 26 municipios, que supón **o 39% da provincia de Lugo, e á que tamén pertencen importantes centros económicos como a propia cidade de Lugo.**

Falounos da auga (Río Miño) como eixo vertebrador desta Reserva, aínda que as súas Zonas Núcleo (35.505,1 ha. 9,8% da superficie total) distinguen: Paisaxes da Auga (14.440 ha) e Paisaxes de montaña do Xistral (21.064 ha). As Zonas de Protección supoñen o 22% da superficie da Reserva (79.934,5 ha) e as Zonas de Transición equivalen ao 68,2% da superficie (248.229,3 ha).

MESA IV. AS RESERVAS DE BIOSFERA: DIFERENCIACIÓN E EXPERIENCIAS EXITOSAS.

9. D. SANTIAGO CARO QUINTANA. Coordinador da Reserva de Biosfera de “Gran Canaria”.

A intervención de D. Santiago Caro levouse a cabo a través de videoconferencia. Incidiu na necesidade de implicar á poboación local na xestión, ademais de realizar participativamente o Plan de Acción da Reserva para planificar o futuro.

Destacou o valor engadido que supón traballar coordinadamente a Administración insular cos Grupos de Acción Local, que aportan a súa experiencia na execución de programas de Desenvolvemento Rural e con valiosos equipos técnicos. **O prestixio das Reservas de Biosfera hai que aproveitalo como imaxe para mellorar a comercialización dos produtos agrarios e artesanais locais.**

10. Dna. SUSANA GÓMEZ URIZARNA. Dirección Xral. De Calidade Ambiental e Auga de La Rioja.

Na súa intervención ten explicado o proxecto da **Marca de Responsabilidade Social “La Rioja, Reserva de la Biosfera”**. Con esta marca que vai dirixida a todas as empresas que aposten pola responsabilidade empresarial no territorio declarado Reserva de Biosfera. Así, **se identifican os produtos e servizos destas empresas que respectan o entorno no que se realizan.**

Esta iniciativa está promovendo una **“nova cultura empresarial”**, impulsando actividades económicas, produtos e servizos respectuosos co medioambiente. Foméntase a aplicación de políticas de Responsabilidade Social e Ambiental de forma continua, controlada e responsable.

11. D. JON ASUA ABERASTURI. Arquitecto da Oficina Técnica da Reserva de Biosfera de “Urdaibai”.

D. Jon Asua centrou a súa intervención na importancia da “Reserva de Biosfera” como ferramenta de planificación territorial. No caso de “Urdaibai” no ano 1989, publícase a Lei 5/1989 de protección e ordenación da Reserva de Biosfera de Urdaibai, que entre outras cuestións:

- Ten como ámbito territorial a conca hidrográfica do río Oka.
- Protexe Áreas de Especial Protección (zonas con necesidades de protección urxentes).
- Prevalece sobre o planeamento urbanístico.
- Establece a necesidade do desenvolvemento do Plan Reitor de Uso e Xestión, e establece a necesidade de desenvolvemento do Plan de Dinamización das Actividades Económicas.

O Plan Reitor ten por obxectivos: a conservación de ecosistemas singulares e a diversidade biolóxica, a mellora da calidade de vida dos habitantes e a promoción do uso racional dos recursos naturais.

O Programa de Armonización e Desenvolvemento ten entre os seus obxectivos: a planificación integrada de políticas sectoriais, e la definición de estratexias e actuacións para compatibilizar o aproveitamento de recursos, coa mellora ambiental e a calidade de vida.

MESA V. RESERVAS DE BIOSFERA E IMPULSO DO DESENVOLVEMENTO LOCAL.

12. D. JOSÉ ÁNGEL PÉREZ GARCÍA. Alcalde de Castropol. Reserva de Biosfera de “Río Eo, Oscos y Tierras de Burón”.

O Alcalde de Castropol lémbra-nos que esta é unha Reserva interautonómica, e polo tanto con dificultades na coordinación de actuacións entre a Administración galega e a asturiana, que sen embargo teñen tentado resolver desde “o local”, coa constitución dunha Asociación de municipios. Teñen solicitado axudas e establecido convenios coa Administración Autonómica e Xeral do Estado coa finalidade de desenvolver o Plan de Acción de Desenvolvemento Sostible.

Con esta Reserva se teñen marcado, entre outros obxectivos, os seguintes:

- Frear o proceso de despoboamento.
- Impulsar as actividades produtivas.
- A corrección de impactos negativos para o medioambiente.

- Mellorar a formación.
- Acceso á sociedade da información.

13. Dna. REGINA POLÍN RODRÍGUEZ. Alcaldesa de Guitiriz. Reserva de Biosfera de “Terras do Miño”.

A Alcaldesa de Guitiriz, Dna. Regina Polín, ten presentado a figura de Reserva de Biosfera e a aposta polo Desenvolvemento Sostible como unha grande oportunidade para os municipios rurais.

Centrou a súa presentación nos recursos medioambientais e culturais, e cómo poden converterse en instrumentos estratéxicos para dinamizar as economías locais.

14. D. JESÚS PIERNA CHAMORRO. Coordinador da Reserva de Biosfera de “Sierras de Béjar e Francia”.

Con esta intervención finalizan estas Xornadas. D. Jesús Pierna pon de manifesto o importante papel desempeñado polo Grupo de Acción Local en acadar esta distinción, e na posterior Xestión da Reserva.

Sinala o **importante traballo participativo que ten levado a cabo durante a configuración de candidatura**, realizando unha animación de “porta a porta” (parroquia a parroquia).

Algúns das actuacións levadas a cabo pola entidade xestora de esta Reserva son:

- Centro de recuperación de sementes.
- Lonxa micolóxica.
- Programa de aforro e eficiencia enerxética.
- Difusión e sensibilización (concurso fotográfico, xornadas, etc.).

Acórdase lanzar o proxecto publicamente, iniciando a presentación polos Concellos.

4. ROGOS E PREGUNTAS.

4.1. PROXECTOS APROBADOS POR AGADER, PROGRAMA LEADER GALICIA 2007-2013 POSTERIORES Ó ENVÍO DA CONVOCATORIA DESTA XUNTA DIRECTIVA.

4.1.1. AMPLIACIÓN PARA A MELLORA DA XESTIÓN DUN ALMACÉN DE PINTURAS.

Con data 31 de agosto de 2009, ten entrada no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” solicitude de axuda da entidade Pinturas y Distribuciones Proinde, S.L.

Esta entidade foi constituída no ano 1994 e ten como actividade a venda de pinturas como maiorista e os seus complementos.

O obxectivo principal deste proxecto será o de mellorar a xestión da empresa. Para elo se pretende construír unha nave na parroquia de Sigrás, Concello de Cambre e poder equipala para ser destinada a almacén e loxística.

Estas novas instalacións permitiran mellorar a competitividade da empresa, co valor engadido de mellorar as condicións de traballo de todo o persoal.

En relación á creación de emprego, con este proxecto a sociedade adquire o compromiso de crear un emprego, colectivo desfavorecido durante un período de 5 anos.

Unha das melloras que acarreará a construción desta nave será a redución da posible incidencia ambiental no entorno, permitindo reducir os custos no transporte, e por conseguinte a emisión de gases ó reducirse o consumo de carburante. Nesta nave se pretende facer unha dependencia completamente illada para as mercancías que

poidan resultar máis perigosas. A nave cumprirá con todos os requisitos medioambientais, incluídos paneis solares.

O 26 de maio de 2010 se solicita a verificación do ICE favorable, a Agader.

O 15 de xuño de 2010, Agader solicita información complementaria para a verificación do ICE.

O 21 de xuño de 2010, o G.D.R. Mariñas-Betanzos envía a Agader, documentación solicitada.

Con data 06 de xullo de 2010, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe de Verificación Favorable de AGADER.

Os investimentos aceptados son 542.645,47 euros que irán dirixidos á compra dos seguintes investimentos:

-Obra civil: 420.108,42.-€

-Equipamento: 62.612,66.-€

-Mobiliario: 38.146,39.-€

-Maquinaria: 11.468.-€

-Equipos informáticos: 10.310.-€

Este proxecto acadou un total de 52 puntos, correspondéndolle un 36% de axuda, resultando un importe de 195.352,37.-€ de axuda, sobre un orzamento total de 542.645,47.-€

A Xunta Directiva deberá efectuar a proposta de resolución, de xeito motivado, para ser posteriormente remitida á Dirección Xeral de AGADER.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable para este proxecto, baseándose en que o proxecto de mellora do aparato loxístico, almacenamento das mercadorías e de instalación de paneis solares, vai reducir custos tanto de transporte como de aprovisionamento, ademáis de incidir positivamente no aforro enerxético e no coidado do medioambiente contribuíndo a consolidar a empresa que leva dende o ano 1995 no territorio.

Tamén acorda que se envíe dita resolución a Agader

4.1.2. PROXECTO INTEGRAL, SOSTIBLE E DIVULGATIVO DO SECTOR LÁCTEO (L10-41300-29-0029)

Con data 08 de febreiro de 2010, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” unha solicitude de axuda para unha posta en marcha dun proxecto integral, sostible e divulgativo do sector lácteo, na parroquia de Bemantes (Concello de Miño).

A entidade solicitante, Cooperativa Agraria Provincial de A Coruña, S.C.G., é unha entidade prestadora de servizos a explotacións gandeiras, nomeadamente de vacún de leite.

A iniciativa de carácter produtivo consiste en facer diversas melloras nunha explotación láctea, concretamente en dúas naves sitas no lugar de Cancelo (Bemantes – Miño) no que se ubicaría unha Aula de formación e demostracións, así como a recuperación dunha granxa para producir leite biosaudable, onde se ubicarían unhas máquinas expendedoras de leite fresco que serviría tamén como Aula formativa para grupos.

O 06 de abril de 2010 se solicita a Agader, a verificación favorable do Informe de Control de Elixibilidade deste expediente.

O 08 de xuño de 2010, Agader require ó G.D.R. Mariñas-Betanzos a división do proxecto encadrando a actividade da explotación agraria na medida 411.

O 25 de xuño de 2010, se solicita a Agader o ICE favorable dos novos expedientes, imputando a actividade da explotación agraria na medida 411, e o proxecto divulgativo na medida 413, creando dous expedientes:

1.- Proxecto divulgativo do sector lácteo (L10-41300-29-0029).

2.- Recuperación de granxa para producir leite biosaúdable, utilizando técnicas eficientes sostibles (L10-41300-29-0050).

Con data 06 de xullo de 2010, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe de Verificación Favorable de AGADER do expediente “Proxecto divulgativo do sector lácteo (L10-41300-29-0029)”.

Este proxecto comprende a creación dun centro de interpretación do sector lácteo onde se levarán a cabo tarefas de formación e actualización dos coñecementos do persoal de substitución; acollemento de alumnos e alumnas en prácticas para que completen a súa formación na granxa; realización de xornadas divulgativas e formativas do sector lácteo; organización de visitas de consumidores de leite e de rapaces para que poidan coñecer o proceso de produción e disfrute do medio rural.

Os investimentos deste proxecto comprende: Placas solares para a auga quente que inciden na redución do consumo enerxético; creación dun centro de interpretación do sector lácteo para levar a cabo as xornadas formativas; páxina web para a divulgación do sistema de produción do leite; mobiliario e equipamento necesario para a formación (proxector, portátil e impresora)

A cooperativa con este proxecto se compromete a crear o equivalente a dous postos de traballo a tempo completo.

Os investimentos aceptados son 133.779,67 euros que irán dirixidos á compra dos seguintes investimentos:

-Obra civil: 34.097.-€

-Obra civil, man de obra voluntaria: 26.579.-€

-Acondicionamento do terreo: 31.779,72.-€

-Acondicionamento do terreo, man de obra voluntaria: 13.560.-€

-Instalacións: 11.950.-€

-Equipamento de oficina: 5.093,60.-€

-Mobiliario de oficina: 7.220,35.-€

-Custos xerais do proxecto: 3.500.-€

Este proxecto acadou un total de 72 puntos, correspondéndolle un 45% de axuda, resultando un importe de 60.200,85.-€ de axuda, sobre un orzamento total de 133.779,67.-€

A Xunta Directiva deberá efectuar a proposta de resolución, de xeito motivado, para ser posteriormente remitida á Dirección Xeral de AGADER.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable para este proxecto, baseándose en que o proxecto de creación dun centro de interpretación do sector lácteo, que consiste na formación e actualización dos coñecementos do persoal de substitución, acollemento de alumnos en prácticas e na divulgación do

proceso de produción do leite ós consumidores e rapaces, contribuirá a diversificación das explotacións agrarias cara actividades non agrarias.

Tamén acorda que se envíe dita resolución a Agader

4.2. PRÁCTICAS NON LABORAIS, ACCIÓNS FORMATIVAS PARA PERSOAS DESEMPREGADAS.

Na Orde do 28 de decembro de 2009, se establece unha convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente aos traballadores desempregados na Comunidade Autónoma de Galicia do exercicio 2010 convocado pola Consellería de traballo da Xunta de Galicia.

O Concello de Cambre solicita ao G.D.R. Mariñas-Betanzos a súa colaboración na realización das prácticas dos alumnos dos seguintes cursos:

1ºCurso “aplicacións informáticas de xestión”.As prácticas comezarán o día 06/09/2010 e rematarán o 24/09/2010.

2º Curso “Secretariado de dirección”. As prácticas comezarán o día 13/09/2010 e rematarán o 01/10/2010.

A Xunta Directiva acepta a realización de prácticas dos alumnos na Asociación Mariñas-Betanzos, un en cada curso. As prácticas desenvolveranse durante 3 semanas en setembro.

Non se produce ningunha outra intervención, dándose por finalizada a reunión da Xunta directiva ás 20.10 horas.

En Bergondo, a 12 de xullo de 2010

A Secretaria
Asdo.: Dna. Concepción Lema Torre

Vº e praxe O Presidente
Asdo.: D. José A. Santiso Miramontes